

2. Denominación
e objetivos



A denominación da institución é **Universidade de Vigo**, non estando admitida a súa tradución a outros idiomas.

A contracción **Universidadevigo** soamente se empregará na forma gráfica do logotipo, así como nas direccións web.

Recoméndase non facer uso da forma **Uvigo**, debido aos problemas de comunicación que xeran os logotipos baseados en siglas cando se precisa visibilidade fóra do contorno próximo e onde a institución non é coñecida.

Os valores que se pretenderon desenvolver con esta nova identidade corporativa son:

A Universidade de Vigo é unha institución nova e ousada.

É unha institución de vangarda e emprendedora, onde o I+D+i e as novas tecnoloxías son os eixes da proxección futura.

Cos seus tres campus, é unha institución descentralizada, plural e participativa. Na que teñen cabida todos os ámbitos de coñecemento.

A Universidade está fondamente imbricada no tecido socio-económico e na súa área de influencia, o que se traduce nun compromiso activo co progreso científico e empresarial de Galicia.